

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO  
EXCELENTÍSIMO CONCELLO  
PLENO DE DATA TRINTA DE  
SETEMBRO DE DOUS MIL  
DEZANOVE**

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 30 de setembro de 2019. Baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García, e coa asistencia dos e das edíes D. José Manuel Lage Tuñas, D<sup>a</sup> Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Viloslada, D<sup>a</sup> Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D<sup>a</sup> María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D<sup>a</sup> Diana María Sobral Cabanas, D<sup>a</sup> Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D<sup>a</sup> Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Roberto García Fernández, D<sup>a</sup> María Teresa Gutiérrez Roselló, D<sup>a</sup> María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D<sup>a</sup> María García Gómez, D. Xiao Varela Gómez, D<sup>a</sup> Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D<sup>a</sup> Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D<sup>a</sup> Avia Veira González e D<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema, reúñese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excentísimo Concello Pleno, co obxecto de realizar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez, e atópase ademais presente o interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.

Xustifica a súa ausencia dona Beatriz Mato Otero.

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DEL  
EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO  
PLENO DE FECHA TREINTA DE  
SEPTIEMBRE DE DOS MIL  
DIECINUEVE**

---

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 30 de septiembre de 2019. Bajo la presidencia de la Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García, y con la asistencia de los y las ediles D. José Manuel Lage Tuñas, D<sup>a</sup> Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Viloslada, D<sup>a</sup> Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D<sup>a</sup> María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D<sup>a</sup> Diana María Sobral Cabanas, D<sup>a</sup> Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D<sup>a</sup> Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Roberto García Fernández, D<sup>a</sup> María Teresa Gutiérrez Roselló, D<sup>a</sup> María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D<sup>a</sup> María García Gómez, D. Xiao Varela Gómez, D<sup>a</sup> Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D<sup>a</sup> Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D<sup>a</sup> Avia Veira González e D<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema,, se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión extraordinaria en primera convocatoria.*

*Da fe del acto el infrascrito secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez, hallándose además presente el interventor general, don Ángel David Murado Codesal.*

*Justifica su ausencia dona Beatriz Mato Otero.*

Ás nove horas e sete minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar o único asunto incluído na orde do día:

**Expediente M3/2019, de concesión de créditos extraordinarios para reconocimiento extrajudicial de obligas e otros, suplementos de crédito, baixas por anulación de crédito, modificación do anexo de subvencións nominativas, modificación da relación de investimentos e modificación das bases de ejecución do orzamento 2019 (prorrogado de 2018).**

### Intervencións

#### Presidencia

Bo día a todos e a todas, benvidos a esta sesión extraordinaria do Pleno do Concello. Saudamos ós membros da Corporación, persoal municipal que nos acompaña así como xornalistas acreditados e tamén a aquellas persoas que nos seguen a través do sinal do *streaming*.

Para a orde do día o señor secretario ten a palabra.

#### Señor secretario xeral do Pleno

Bo día a todos.

Primeiro disculpar á señora Beatriz Mato Otero, que por razóns persoais non pode asistir.

Asunto único: Expediente M3/2019, de concesión de créditos extraordinarios para reconocimiento extrajudicial de obligas e otros, suplementos de crédito, baixas por anulación de crédito, modificación do anexo de subvencións nominativas, modificación da relación de investimentos e modificación das bases

*A las nueve horas y siete minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar el único asunto incluido en el orden del día:*

*Expediente M3/2019, de concesión de créditos extraordinarios para reconocimiento extrajudicial de obligaciones y otros, suplementos de crédito, bajas por anulación de crédito, modificación del anexo de subvenciones nominativas, modificación de la relación de inversiones y modificación de las bases de ejecución del presupuesto 2019 (prorrogado de 2018).*

### Intervenciones

#### Presidencia

*Buenos días a todos y a todas, bienvenidos a esta sesión extraordinaria del Pleno del Ayuntamiento. Saludamos a los miembros de la Corporación, personal municipal que nos acompaña así como periodistas acreditados y también la aquellas personas que nos siguen en directo.*

*Para el orden del día el señor secretario tiene la palabra.*

#### Señor secretario general del Pleno

*Buenos días a todos.*

*Primero disculpar a la señora Beatriz Mato Otero, que por razones personales no puede asistir.*

*Asunto único: Expediente M3/2019, de concesión de créditos extraordinarios para reconocimiento extrajudicial de obligaciones y otros, suplementos de crédito, bajas por anulación de crédito, modificación del anexo de subvenciones nominativas, modificación de la relación de inversiones y modificación de las*

de execución do orzamento 2019 (prorrogado de 2018).

### **Presidencia**

Moi ben, moitas grazas.

Terá a palabra en primeiro lugar o voceiro do Goberno, señor Lage Tuñas, para expoñer brevemente o punto, e a continuación abrirase a quenda de intervencións do resto dos Grupos, tendo 5 minutos de intervención na primeira quenda e 3 na segunda.

Señor Lage, cando queira.

### **Señor Lage Tuñas**

Grazas, señora Alcaldesa.

Señoras conceleiras, señores concelleiros, a proposta que se somete hoxe á consideración do Pleno foi ditaminada pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Régime Interior o pasado 24 de setembro. A proposta do modificativo inclúe a concesión de tres créditos extraordinarios por importe de 1.795.368,91 € e catorce suplementos de crédito por importe de 1.202.104,36 €.

Destacaríamos o incremento do crédito en renda social e o referido ás axudas de emerxencia. Concretamente son dúas partidas, unha de 417.000 € e outra de 240.000.

Tamén aquello que ten que ver coas actividades deportivas, singularmente coa carreira “Enki” e con outras actividades subvencionables ás cales se destinan 60.000 e 30.000 euros respectivamente.

Referido á temporada lírica e destinado a Asociación Amigos da Ópera destinamos 80.000 €.

*bases de ejecución del presupuesto 2019 (prorrogado de 2018).*

### **Presidencia**

*Muy bien, muchas gracias.*

*Tendrá la palabra en primer lugar el portavoz del Gobierno, señor Lage Tuñas, para exponer brevemente el punto, y a continuación se abrirá el turno de intervenciones del resto de los Grupos, teniendo 5 minutos de intervención en el primer turno y 3 en el segundo.*

*Señor Lage, cuando quiera.*

### **Señor Lage Tuñas**

*Gracias, señora Alcaldesa.*

*Señoras concejalas, señores concejales, la propuesta que se somete hoy a la consideración del Pleno fue dictaminada por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda y Régimen Interior el pasado 24 de septiembre. La propuesta del modificativo incluye la concesión de tres créditos extraordinarios por importe de 1.795.368,91 € y catorce suplementos de crédito por importe de 1.202.104,36 €.*

*Destacaríamos el incremento del crédito en renta social y el referido a las ayudas de emergencia. Concretamente son dos partidas, una de 417.000 € y otra de 240.000.*

*También aquello que tiene que ver con las actividades deportivas, singularmente con la carrera “Enki” y con otras actividades subvencionables a las cuales se destinan 60.000 y 30.000 euros respectivamente.*

*Referido a la temporada lírica y destinado la Asociación Amigos de la Ópera destinamos 80.000 €.*

Hai que recordar que neste modificativo se inclúen, no Anexo de Investimentos, as partidas adicadas ó carril bici, á sinalización horizontal, á mellora das instalacións do vertedoiro de Bens, á instalación semafórica e á instalacións deportivas en San Pedro de Visma, entre outras.

En calquera caso estamos a falar de praticamente 3 millóns de euros adicados fundamentalmente a cumplir cos tres pilares que sustentan o proxecto que lidera este Goberno e que teñen que ver coa reactivación económica, coa mobilización dos recursos públicos, coa aposta pola política social e co selo verde, neste caso poñendo, facendo fincapé na mobilidade.

A maiores presentouse unha emenda por parte do Grupo da Marea Atlántica que xa aproveito para indicar que vai ser asumida polo Goberno. É dicir, unha emenda que está acordada e pactada, que estende a 62.534 € e que ten que ver coas actuacións en colexios públicos con obras de reposición. Agradecer, como non pode ser doutro xeito, a boa disposición dos Grupos municipais a facer posible que as eivas derivadas de non contar cun Orzamento e que tamén podamos suplementar aquellas partidas onde non hai recursos dabondo a estas alturas do ano.

Polo de agora nada máis e moitas grazas.

## **Presidencia**

Moitas grazas, señor Lage.

Iniciamos, pois, a quenda de intervencións. Polo Grupo Mixto Ciudadanos, señora Martínez Lema.

*Hay que recordar que en este modificativo se incluyen, en el Anexo de Inversiones, las partidas dedicadas al carril bici, a la señalización horizontal, a la mejora de las instalaciones del vertedero de Bens, a la instalación semafórica y a la instalaciones deportivas en San Pedro de Visma, entre otras.*

*En cualquier caso estamos hablando de prácticamente 3 millones de euros dedicados fundamentalmente a cumplir con los tres pilares que sustentan el proyecto que lidera este Gobierno y que tienen que ver con la reactivación económica, con la movilización de los recursos públicos, con la apuesta por la política social y con el sello verde, en este caso poniendo, haciendo hincapié en la movilidad.*

*Además se presentó una enmienda por parte del Grupo de la Marea Atlántica que ya aprovecho para indicar que va a ser asumida por el Gobierno. Es decir, una enmienda que está acordada y pactada, que extiende a 62.534 € y que tiene que ver con las actuaciones en colegios públicos con obras de reposición. Agradecer, como no puede ser de otro modo, la buena disposición de los Grupos municipales a hacer posible que los defectos derivados de no contar con un Presupuesto y que también podamos suplementar aquellas partidas donde no hay recursos suficientes a estas alturas del año.*

*Por ahora nada más y muchas gracias.*

## **Presidencia**

*Muchas gracias, señor Lage.*

*Iniciamos, pues, el turno de intervenciones. Por el Grupo Mixto Ciudadanos, señora Martínez Lema.*

### Señora Martínez Lema

Que tal? Moi bos días.

O traballar con Presupostos prorrogados ten estas consecuencias, así que consideramos que é preciso aprobar este modificativo que hoxe se trae a Pleno porque é necesario suplir a deficiencia de diferentes partidas, entre elas a máis salientable e máis urxente, e que xa se tiña que ter feito antes, incluso no último modificativo aprobado no anterior mandato, sabendo xa que en 2019 ía haber máis beneficiarios: dotar de crédito a renda social municipal e as axudas de emerxencia social.

É evidente que no seu momento non se contemplou o treito necesario para aboar estas rendas polo que, dada a situación das persoas pendentes de cobralas, deben ser atendidas inmediatamente e agardamos que esas partidas de 240.000 € e 417.000 que están destinadas precisamente a poder cubrir o conxunto do ano 2019, resolván esa insuficiencia existente.

Creo que todos concordamos na importancia das políticas sociais e a necesidade urgente de reactivar a economía na cidade. Tendo presente que este ano se atenderán un total de case 2.000 solicitudes de emerxencia social, está claro que temos un problema ó que hai que buscarlle solución. Quen goberna debe cumplir cos compromisos adquiridos cos cidadáns, porque se a renda social, ademais de supor unha axuda ten como obxectivo a inclusión, os retrasos para cobrala non lles axudará a saír dunha situación de dificultades. A renda axuda a subsistir pero debe axudar tamén a que os que teñan que pedila poidan recuperar a súa situación laboral e social.

### Señora Martínez Lema

¿Que tal? Muy buenos días.

*El trabajar con Presupuestos prorrogados tiene estas consecuencias, así que consideramos que es preciso aprobar este modificativo que hoy se trae a Pleno porque es necesario suplir la deficiencia de diferentes partidas, entre ellas la más destacada y más urgente, y que ya se tenía que haber hecho antes, incluso en el último modificativo aprobado en el anterior mandato, sabiendo ya que en 2019 iba a haber más beneficiarios: dotar de crédito la renta social municipal y las ayudas de emergencia social.*

*Es evidente que en su momento no se contempló el trecho necesario para abonar estas rentas por lo que, dada la situación de las personas pendientes de cobrarlas, deben ser atendidas inmediatamente y esperamos que esas partidas de 240.000 € y 417.000 que están destinadas precisamente a poder cubrir el conjunto del año 2019, resuelvan esa insuficiencia existente.*

*Creo que todos concordamos en la importancia de las políticas sociales y la necesidad urgente de reactivar la economía en la ciudad. Teniendo presente que este año se atenderán un total de casi 2.000 solicitudes de emergencia social, claro está que tenemos un problema al que hay que buscarle solución. Quien gobierna debe cumplir con los compromisos adquiridos con los ciudadanos, porque si la renta social, además de suponer una ayuda tiene como objetivo la inclusión, los retrasos para cobrarla no les ayudará a salir de una situación de dificultades. La renta ayuda a subsistir pero debe ayudar también a que los que tengan que pedirla puedan recuperar su situación laboral y social.*

No tema das bicicletas apoiamos, evidentemente, o traslado entre capítulos orzamentarios para que as estacións e as bicicletas pasen a formar parte do patrimonio municipal. Case 1,7 millóns de euros é unha cifra moi importante pero necesaria se realmente queremos fomentar o uso da bicicleta. BiciCoruña contribúe a iso pero non todos os usuarios de bici recorren ó servizo municipal. Sabemos todos que hai moitas persoas que rexeitan moverse coas súas bicis propias na cidade, e unha é por falta de estacións vixiadas e o risco de que lles rouben. BiciCoruña debería ofrecer tamén estacións de bicis privadas onde estivesen vixiadas, así iso seguro que incrementaría o uso notablemente. Non sabemos onde deixar moitas veces a nosa bici cando vimos ó traballo, cando vamos a unha actividade de ocio, ó hospital ou a calquera outro lugar.

Poñamos todas as facilidades a todas as necesidades e veremos moitas máis bicicletas na nosa cidade. Pero tamén son moitas as persoas que non as usan tanto como quixeran polo pésmo trazado do carril bici que se fixo nesta cidade. As presás por poder vender eses case 37 quilómetros ciclables levaron a facer un carril bici que mesmo incumple os consellos europeos dun carril bici. Creo que foron cartos estragados, pois necesita unha boa volta nas sinalizacións e sobre todo en seguridade. Un dos factores craves para a integración da bicicleta na mobilidade é a seguridade. É básico sentirse seguro, ter claras as normas, sentir o percorrido como cómodo, poder aparcar a bicicleta en lugar seguro e sentirse respectado.

Cando falemos dos próximos Orzamentos contemplemos os problemas reais da xente e busquemos solucións.

*En el tema de las bicicletas apoyamos, evidentemente, el traslado entre capítulos presupuestarios para que las estaciones y las bicicletas pasen a formar parte del patrimonio municipal. Casi 1,7 millones de euros es una cifra muy importante pero necesaria si realmente queremos fomentar el uso de la bicicleta. BiciCoruña contribuye a eso pero no todos los usuarios de bici recurren al servicio municipal. Sabemos todos que hay muchas personas que rechazan moverse con sus bicis propias en la ciudad, y una es por falta de estaciones vigiladas y el riesgo de que se las roben. BiciCoruña debería ofrecer también estaciones de bicis privadas donde estuvieran vigiladas, así eso seguro que incrementaría el uso notablemente. No sabemos dónde dejar muchas veces nuestra bici cuando venimos al trabajo, cuando vamos a una actividad de ocio, al hospital o la cualquier otro lugar.*

*Pongamos todas las facilidades a todas las necesidades y veremos muchas más bicicletas en nuestra ciudad. Pero también son muchas las personas que no las usan tanto como quisieran por el pésmo trazado del carril bici que se hizo en esta ciudad. Las prisas por poder vender esos casi 37 kilómetros ciclables llevaron a hacer un carril bici que incluso incumple los consejos europeos de un carril bici. Creo que fue dinero desperdiciado, pues necesita una buena revisión en las señalizaciones y sobre todo en seguridad. Uno de los factores claves para la integración de la bicicleta en la movilidad es la seguridad. Es básico sentirse seguro, tener claras las normas, sentir el recorrido como cómodo, poder aparcar la bicicleta en lugar seguro y sentirse respetado.*

*Cuando hablamos de los próximos Presupuestos contemplemos los problemas reales de la gente y*

Ampliar o servizo de BiciCoruña ofrecendo seguridade a quen se move coa súa propia bici e mellorar o carril entra dentro dos obxectivos da mobilidade, e iso é algo que demandan moitas persoas. Que, por certo, falando de Orzamentos, hoxe acaba setembro, aínda non temos ese borrador do que tanto se fala. Agardemos que o proceso electoral no que imos a entrar todos non retrase nin afecte a eses Orzamentos.

Pasando xa a outros asuntos deste modificativo, no que se refire ós convenios nominativos gustaría destacar a importancia de facer boas previsións para colectivos tan importantes, —e seguindo coa temática social— son os que afectan, se adican a realizar actividades que cada ano teñen máis éxito. Refírome especialmente a esa Fundación Abrente, á súa carreira Enki que este ano vendeu 10.000 dorsais en tan só unha semana. Son accións de moito calado que promoven e fomentan o deporte e que polo tanto merecen todo o apoio e consideración.

E como me queda moi pouquín, para non sobrepasarme, deixo o resto para despois.

### **Presidencia**

Moi ben, moitas grazas, señora Martínez.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

### **Señor Jorquera Caselas**

Ben, moitas grazas.

Un saúdo a todos os membros da Corporación e ás persoas que están seguindo este Pleno a través de internet,

*busquemos soluciones. Ampliar el servicio de BiciCoruña ofreciendo seguridad a quién se mueve con su propia bici y mejorar el carril entra dentro de los objetivos de la movilidad, y eso es algo que demandan muchas personas. Que, por cierto, hablando de Presupuestos, hoy acaba septiembre, aun no tenemos ese borrador del que tanto se habla. Esperemos que el proceso electoral en el que vamos a entrar todos no retrase ni afecte la esos Presupuestos.*

*Pasando ya a otros asuntos de este modificativo, en lo que se refiere a los convenios nominativos me gustaría destacar la importancia de hacer buenas previsiones para colectivos tan importantes, —y siguiendo con la temática social— son los que afectan, se dedican a realizar actividades que cada año tienen más éxito. Me refiero especialmente la esa Fundación Abrente, a su carrera Enki que este año vendió 10.000 dorsales en tan sólo una semana. Son acciones de mucho calado que promueven y fomentan el deporte y que por lo tanto merecen todo el apoyo y consideración.*

*Y como me queda muy poquito, para no sobrepasarme, dejo el resto para después.*

### **Presidencia**

*Muy bien, muchas gracias, señora Martínez.*

*Por el Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.*

### **Señor Jorquera Caselas**

*Bien, muchas gracias.*

*Un saludo a todos los miembros de la Corporación y a las personas que están siguiendo este Pleno a través de internet,*

por suposto á prensa e á xente convidada.

Ben, con cargo ós tres créditos extraordinarios e ós catorce suplementos de crédito que forman parte deste expediente se pretende ter dispoñibilidade de recursos para atender obrigas ou previsións de gasto tan variadas como o mantemento da rede semafórica ou gastos de correo para a tramitación de multas de tráfico, o pago de obras realizadas en campos de fútbol, de investimentos na entalleira de Bens ou de proxectos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, a subvención á Federación de Asociacións de Veciños, a Amigos da Ópera ou á Fundación Abrente para a realization da carreira Enki, e todo isto sen mencionar o crédito extraordinario de máis de 1.600.000 € en bicis e bases de BiciCoruña. Pois neste caso o que se propón é unha baixa no capítulo de transferencias de capital e unha alta polo mesmo importe no capítulo de investimentos para atender o requerimento de que o Concello debe de ser o titular e polo tanto adquirinte, aínda que logo faga unha encomenda de xestión a EMVSA.

E hai un refrán que di que nin son todos os que están nin están todos os que son. Permítanme por iso que manifestemos as nosas reservas sobre se todas e cada unha destas previsións de gasto son necesarias e tamén sobre se hai outras previsións de gasto que non están incluídas neste modificativo e que deberían figurar. Do mesmo xeito que agardamos que a baixa de crédito de máis de 400.000 € na Concellaría de Participación, Igualdade e Servizos Sociais non afecte negativamente no funcionamento dunha concellaría tan sensible.

Pero en calquera caso, o Grupo

*por supuesto a la prensa y a la gente invitada.*

*Bien, con cargo a los tres créditos extraordinarios y a los catorce suplementos de crédito que forman parte de este expediente se pretende tener disponibilidad de recursos para atender deberes o previsiones de gasto tan variadas como el mantenimiento de la red semafórica o gastos de correo para la tramitación de multas de tráfico, el pago de obras realizadas en campos de fútbol, de inversiones en el vertedero de Bens o de proyectos del Servicio de Extinción de Incendios y Salvamento, la subvención a la Federación de Asociaciones de Vecinos, a Amigos de la Ópera o a la Fundación Abrente para la realización de la carrera Enki, y todo esto sin mencionar el crédito extraordinario de más de 1.600.000 € en bicis y bases de BiciCoruña. Pues en este caso lo que se propone es una baja en el capítulo de transferencias de capital y un alta por el mismo importe en el capítulo de inversiones para atender el requerimiento de que el Ayuntamiento debe de ser el titular y por lo tanto adquirente, aunque luego haga una encomienda de gestión a EMVSA.*

*Y hay un refrán que dice que ni son todos los que están ni están todos los que son. Permítanme por eso que manifestemos nuestras reservas sobre si todas y cada una de estas previsiones de gasto son necesarias y también sobre si hay otras previsiones de gasto que no están incluidas en este modificativo y que deberían figurar. Al igual que esperamos que la baja de crédito de más de 400.000€ en la Concejalía de Participación, Igualdad y Servicios Sociales no afecte negativamente al funcionamiento de una concejalía tan sensible.*

*Pero en cualquier caso, el Grupo*

Municipal do BNG vai votar a favor porque o obxecto principal deste modificativo é atender á situación xerada coa renda social municipal e as axudas de emerxencia. Nos Orzamentos vixentes a dotación é de algo máis de un millón de euros, unha dotación totalmente insuficiente para atender as novas solicitudes ós que lle foi recoñecido o dereito a cobrar estas prestacións. Segundo datos aportados polo propio Goberno Municipal, no que se refire á renda social en 2019 lévanse concedidas 243 novas prestacións e esta cifra se eleva a 1.442 na axuda de emerxencia, ás que hai que sumar máis de 500 solicitudes formalizadas nas últimas semanas.

Non vamos a establecer culpabilidades sobre esta falta de previsión. É certo que o anterior Goberno Municipal non incluíu esta previsión no modificativo de crédito. Tamén é certo que o actual Goberno Municipal pudo ser máis ágil á hora de resolver esta situación, mais en calquera caso queremos lembrar que o estudo previo para a implantación da renda social municipal estimaba que sería necesaria unha dotación de aproximadamente 3 millóns de euros, e nos exercicios sucesivos esta partida foise recortando significativamente. E no marco do debate da implantación da renda social, o BNG defendía —e defende— a necesidade de elaborar un plan de inclusión social para ter un coñecemento real da situación e das necesidades e coordinar todos os Servizos para loitar dun xeito máis eficaz contra todas as situacions de exclusión social.

Ben, pois posiblemente si se tivese feito aquela diagnose as previsóns de gasto serían más realistas e evitariamos situacions como as que agora nos

*Municipal del BNG va a votar a favor porque el objeto principal de este modificativo es atender a la situación generada con la renta social municipal y las ayudas de emergencia. En los Presupuestos vigentes la dotación es de algo más de un millón de euros, una dotación totalmente insuficiente para atender las nuevas solicitudes de aquellos a los que les fue reconocido el derecho a cobrar estas prestaciones. Según datos aportados por el propio Gobierno Municipal, en lo que se refiere a la renta social en 2019 se llevan concedidas 243 nuevas prestaciones y esta cifra se eleva a 1.442 en la ayuda de emergencia, a las que hay que sumar más de 500 solicitudes formalizadas en las últimas semanas.*

*No vamos a establecer culpabilidades sobre esta falta de previsión. Es cierto que el anterior Gobierno Municipal no incluyó esta previsión en el modificativo de crédito. También es cierto que el actual Gobierno Municipal pudo ser más ágil a la hora de resolver esta situación, pero en cualquiera caso queremos recordar que el estudio previo para la implantación de la renta social municipal estimaba que sería necesaria una dotación de aproximadamente 3 millones de euros, y en los ejercicios sucesivos esta partida se fue recortando significativamente. Y en el marco del debate de la implantación de la renta social, el BNG defendía —y defiende— la necesidad de elaborar un plan de inclusión social para tener un conocimiento real de la situación y de las necesidades y coordinar todos los Servicios para luchar de una manera más eficaz contra todas las situaciones de exclusión social.*

*Bien, pues posiblemente si se hubiera hecho aquel diagnóstico las previsiones de gasto serían más realistas y evitariímos situaciones como las que*

ocupan. Mais en calquera caso o importante é resolver con urxencia esta situación, como o importante no futuro é evitar as distorsións provocadas por funcionar con Orzamentos prorrogados, porque os principais prexudicados son sempre os cidadáns.

Por iso rematamos expresando un desexo: A Coruña necesita entrar en 2020 cuns novos Orzamentos aprobados e en vigor, e agardamos por iso que o compromiso adquirido polo Grupo Socialista de iniciar dende xa a negociación dos novos Orzamentos cos Grupos que forman a maioría progresista desta Corporación, se cumpra escrupulosamente.

Pola nosa banda nada máis. Moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señor Jorquera.

Polo Grupo Municipal da Marea Atlántica, señor Martínez Durán.

### **Señor Martínez Durán**

Moi bo día a todos e a todas, concelleiros, concelleiras da Corporación, profesionais dos medios de comunicación, veciños, veciñas que nos seguen dende a tribuna ou a través de internet, se é que se restablece a retransmisión, que creo que nestes momentos non está a funcionar.

Tiveron que pasar 107 días desde a investidura e case 40 dende que a Marea Atlántica denunciase publicamente que o Goberno non estaba a abonar nin as axudas de emergencia nin a renda social municipal, para que hoxe, por fin, veña ó Pleno un modificativo de crédito para facerlle frente a esta situación, unha

*ahora nos ocupan. Pero en cualquier caso lo importante es resolver con urgencia esta situación, como lo importante en el futuro es evitar las distorsiones provocadas por funcionar con Presupuestos prorrogados, porque los principales perjudicados son siempre los ciudadanos.*

*Por eso finalizamos expresando un deseo: A Coruña necesita entrar en 2020 con unos nuevos Presupuestos aprobados y en vigor, y esperamos por eso que el compromiso adquirido por el Grupo Socialista de iniciar desde ya la negociación de los nuevos Presupuestos con los Grupos que forman la mayoría progresista de esta Corporación, se cumpla escrupulosamente.*

*Por nuestra parte nada más. Muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

*Por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica, señor Martínez Durán.*

### **Señor Martínez Durán**

*Muy buenos días a todos y a todas, concejalas, concejales de la Corporación, profesionales de los medios de comunicación, vecinos, vecinas que nos siguen desde la tribuna o a través de internet, si es que se restablece la retransmisión, que creo que en estos momentos no está funcionando.*

*Tuvieron que pasar 107 días desde la investidura y casi 40 desde que la Marea Atlántica denunciara públicamente que el Gobierno no estaba abonando ni las ayudas de emergencia ni la renta social municipal, para que hoy, por fin, venga al Pleno un modificativo de crédito para hacerle frente a esta situación, una*

situación de extrema gravidade de que a concelleira de Benestar Social —sendo indulxente cos prazos— tiña noticia dende o primeiro día. É certo que un goberno pode dispoñer de cen días de grazia pero a pobreza non perdoa unha soa noite.

Dixemoslo en xuño ó Goberno: é hora de reparar o dano que se lle fixo a veciñanza coa política de bloqueo na que algúns estiveron comodamente instalados catro anos, e propuxemos aprobar canto antes un Orzamento completo para 2019 que permitise recuperar plenamente as capacidades de gasto e investimento do Concello da Coruña. Optaron por non facelo, lexitimamente. Dímoslle xa daquela unha alternativa: poñerse a traballar nun modicativo de crédito de urxencia para atender necesidades básicas das familias máis vulnerables porque para iso, insisto, para iso podían contar co noso apoio incondicional. Pasaron cen días e hoxe por fin podemos debater e votar este modicativo. Eu creo que se este modicativo chega a facerse daquela, se se chega a priorizar sobre outras cuestións, hoxe non habería ducias de familias privadas de axudas, que non só necesitan, senón ás que teñen dereito.

Non hai sorpresas no sentido do voto da Marea Atlántica. Dixémolo dende o primeiro día: imos facilitar co noso apoio a aprobación deste modicativo, e hai basicamente dúas grandes razóns. A primeira é esta que mencionaba: a urxencia de dotar as partidas da renda social municipal, que hoxe, por certo, cumple tres anos. Aproveito para felicitar ao conxunto da Corporación, bueno, ao conxunto non, a todas as forzas políticas que votaron a favor da Ordenanza hai tres anos, non así ó Partido Popular. Dicía que a razón da urxencia é dotar a renda social municipal e as axudas de

*situación de extrema gravedad de que la concejal de Bienestar Social —siendo indulgente con los plazos— tenía noticia desde el primer día. Es cierto que un gobierno puede disponer de cien días de grazia pero la pobreza no perdona una sola noche.*

*Se lo dijimos en junio al Gobierno: es hora de reparar el daño que se le hizo al vecindario con la política de bloqueo en la que algunos estuvieron cómodamente instalados cuatro años, y propusimos aprobar lo antes posible un Presupuesto completo para 2019 que permitiera recuperar plenamente las capacidades de gasto e inversión del Ayuntamiento de A Coruña. Optaron por no hacerlo, legítimamente. Le dimos ya en aquel momento una alternativa: ponerse a trabajar en un modicativo de crédito de urgencia para atender necesidades básicas de las familias más vulnerables porque para eso, insisto, para eso podían contar con nuestro apoyo incondicional. Pasaron cien días y hoy por fin podemos debatir y votar este modicativo. Yo creo que si este modicativo llega a hacerse en aquel momento, si se llega a priorizar sobre otras cuestiones, hoy no habría docenas de familias privadas de ayudas, que no solo necesitan, sino a las que tienen derecho.*

*No hay sorpresas en el sentido del voto de la Marea Atlántica. Lo dijimos desde el primer día: vamos a facilitar con nuestro apoyo a aprobación de este modicativo, y hay básicamente dos grandes razones. La primera es esta que mencionaba: la urgencia de dotar las partidas de la renta social municipal, que hoy, por cierto, cumple tres años. Aprovecho para felicitar al conjunto de la Corporación, bueno, al conjunto no, a todas las fuerzas políticas que votaron a favor de la Ordenanza hace tres años, no así al Partido Popular. Decía que la razón de la urgencia es dotar la renta*

emerxencia para poder facerlle fronte a esta situación. No modificativo se prevén dous suplementos de crédito de 417.000 e 240.000 €. As nosas estimacións eran algo maiores. Entendemos, en todo caso, que as estimacións feitas polo Goberno Municipal son adecuadas e que este crédito será suficiente para atender todas as eventualidades neste sentido até o final do ejercicio, e que a situación vivida por ducias de familias nestas últimas semanas non se vai repetir.

A segunda gran razón non é de emerxencia pero é de sentido común, e é o cambio técnico, digamos, de ese 1,7, case 1,7 millóns de euros, entre capítulos orzamentarios para financiar un paquete de medidas en materia de mobilidade sostible, algunas delas impulsadas pola propia veciñanza a través dos orzamentos participativos e outras incluídas na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado, a Edusi da Coruña, que foi seleccionada hai dous anos e beneficiaria dunha axuda de fondos europeos de 15 millóns de euros, como coñece toda a Corporación.

Son medidas como a implantación da bicicleta eléctrica no sistema público BiciCoruña e a ampliación da infraestrutura deste servizo de futuro con novas estacións en Elviña, Os Maios, Eirís, o Ventorrillo, Novo Mesoiro, Oza, Catro Camiños, os polígonos da Agrela e Pocomaco e o Campus Universitario.

Por razóns de sentido común e tamén de urxencia non imos entrar a fondo no cuestionamento das baixas coas que se financian estos suplementos. Si que lle pediría ó concelleiro de Facenda que aclarase en que afectan as baixas, especialmente as que se dan en Servizos

*social municipal y las ayudas de emergencia para poder hacerle frente a esta situación. En el modificativo se prevén dos suplementos de crédito de 417.000 y 240.000 €. Nuestras estimaciones eran algo mayores. Entendemos, en todo caso, que las estimaciones hechas por el Gobierno Municipal son adecuadas y que este crédito será suficiente para atender todas las eventualidades en este sentido hasta el final del ejercicio, y que la situación vivida por docenas de familias en estas últimas semanas no se va a repetir.*

*La segunda gran razón no es de emergencia pero es de sentido común, y es el cambio técnico, digamos, de ese 1,7, casi 1,7 millones de euros, entre capítulos presupuestarios para financiar un paquete de medidas en materia de movilidad sostenible, algunas de ellas impulsadas por el propio vecindario a través de los presupuestos participativos y otras incluidas en la Estrategia de Desarrollo Urbano Sostenible Integrado, la Edusi de A Coruña, que fue seleccionada hace dos años y beneficiaria de una ayuda de fondos europeos de 15 millones de euros, como conoce toda la Corporación.*

